

ADICCIÓN E DEPENDENCIA

Son termos concorrentes que expresan a perda de liberdade interior ante un desexo, reflectida, como dicía “Kant”, non na incapacidade de eliminar o desexo, senón na de resistirse a el e controlalo.

A partir deste momento, a dinámica de libre elección do suxeito experimenta unha quebra importante. Un desexo que se axiganta e se volve incontrolable e incontido para a vontade e a libre elección é a matriz patolóxica do grupo de enfermidades que chamamos adiccións ou dependencias.

FRANCISCO ALONSO-FERNÁNDEZ

(Catedrático de Psiquiatría e Psicoloxía Médica, académico numerario da Real Academia de Medicina e director do Instituto de Psiquiatras da Lingua Española)..

ADICTO

É aquela persoa que ten como centro da súa vida a adicción e perde o control ante ela, e cando non pode realizar esa conduta atópase mal (chamar polo móbil, xogar á máquina comecartos, comprar, estar conectado a Internet, ou conseguir determinada substancia para o seu consumo...)

A **adicción** é considerada unha enfermidade crónica e recorrente do cerebro que se caracteriza pola procura patolóxica da recompensa e/ou alivio a través do uso dunha substancia ou outras condutas. Cando unha persoa adicta se resiste ou sae repentinamente da súa rutina, prodúcese a síndrome de abstinencia.

DI A OMS

“**Droga**” é toda substancia que, introducida no organismo por calquera vía de administración, produce unha alteración dalgún modo, do natural funcionamento do sistema nervioso central do individuo e é, ademais, susceptible de crear dependencia, xa sexa psicolóxica, física ou ambas as dúas. O resultado é unha diminución na **calidade de vida** da persoa afectada (xerando problemas no seu traballo, nas súas actividades académicas, nas súas relacións sociais e/ou nas súas relacións familiares ou de parella).

SOCIOADIC- CIÓN/ ADICCIÓNS/ COMPORTA- MENTAIS

Son trastornos de dependencia vinculados a distintas actividades humanas. En xeral, proporcionan unha sensación subxectiva de pracer, excitación ou arrogancia, e non se deben a tomar substancias psicoactivas. Son exemplos: a adición ao xogo, ao sexo, ás compras compulsivas...



CAUSAS XERAIS DAS ADICCIÓNS

A. FACTORES XERAIS

- > Sobreesixencias ou tensión
- > Disponibilidade
- > Accesibilidade
- > Hábito de recompensas
- > A publicidade/promoción/
medios de comunicación
- > A cultura propia
- > O tipo de substancia

B. FACTORES INDIVIDUAIS

- > Débil estrutura e soporte familiar
- > Personalidade vulnerable
- > Os valores
- > Presión de grupo/influencias
- > A familia
- > Entorno de risco
- > Experimentación
- > Transgresión

SÍNTOMAS DAS ADICCIONES

1. TOLERANCIA

Denomínase o feito de necesitar cada vez máis tempo de conexión (no caso de substancias, máis cantidade) para obter a mesma sensación de benestar.

2. ABSTINENCIA

A ausencia de consumo, práctica ou hábito temporal que provoca irritabilidade, ansiedade e gran malestar.

3. DEPENDENCIA

Sentimento prazenteiro que se busca baixo calquera condición. Procura de gratificación, instantánea, recoñecemento social, etc.

4. PERDA OU DESCOIDO DAS ACTIVIDADES HABITUAIS

Isto provoca e ten repercusións na estrutura cerebral do individuo. Illamento, descoído de hábitos de hixiene en xeral (descanso, alimentación...).

CLASIFICACIÓN BÁSICA DE ADICCIONES

A. ADICCIONES CON SUBSTANCIA:

Clasificación pola súa legalidade:

1. Drogas legais

Alcol, tabaco, fármacos, estimulantes
menores xantinas, como cafeína...

2. Drogas ilegais

Cannabis, cocaína, opiáceos, drogas de síntese, novas substancias e drogas emerxentes.

B. ADICCIÓN S EN SUBSTANCIA:

Adicções condutuais:

1. Actividades legais

- > Trastorno por xogos de apostas (**ludopatía ou xogo patolóxico**)
- > Adicción a Internet e novas tecnoloxías (**nomofobia** - mobil)
- > Compras compulsivas (**oniomanía**)
- > Adicción ao sexo e pornoadicción
- > Adicción ao traballo
- > Adiccións vinculadas á autoimaxe corporal (**vigorexia**, obsesión pola musculatura, **tanorexia**, obsesión por lucir a pel morena todo o ano, adicción ao bronceado).

2. Actividades ilegais

- > Roubo
- > Estupro
- > Incendios

ADICCIÓN. DE QUE FALAMOS?